

## COPLAS

### SEXUALIDADE

1.

Para eixe, pau de toxo;  
Para dentuiras, carballo;  
Para contentar ás nenas,  
A cabezalla do carro.

2.

Eu pedinllo a unha nena  
Na porteliña do prado;  
Ela díxome chorando:  
“está o prado mollado”.

3.

Manuel, Manueliño,  
Meu Manuel feito de cera,  
Quen me dera ser o lume  
Que ó meu Manuel derretera.

4.

Unha pulga me picou  
Na punta do embiguate;  
Se me pica máis abaixo,  
Pícame no paxarete.

5.

Unha vella foi ó muiño,  
Mais non foi por moer;  
Foi porque lle dixeron  
Que alí había de foder.

6.

O pxaro carpinteiro  
Para traballar se agocha;  
Eu tamén son carpinteiro  
Cando estou coa miña moza.

7.

O crego cando vai fóra  
Déixalle dito á criada:  
Veña trade, veña cedo,  
Déitate na miña cama.

8.

O cura de Castrelo  
Non é cura nin rectore,  
Que confesou á criada  
Debaixo do cobertore.

9.

Teño gana de comer,  
Non de pan nin de boroa;  
Teño gana de durmir  
Na cama coa miña moza.

10.

Ábreme a porta rapaza,  
Se non entro polas tellas.  
Teño un rapaz comezado,  
Fáltanmelle as orellas.

11.

Donairéate, meniña,  
Donairéate meu ben;  
Dálle donaire a ese corpo,  
Que o corpo donaire ten.

12.

Estate quieto miliciano,  
Non me rómpa-lo refaixo;  
Se queres que rompa logo,  
Bótalle a man por debaixo.

13.

Santo Cristo de Fisterra,  
Santo do carallo de ouro,  
Que lle mexa ós de Muros

Por riba de Monte Louro.

### **PRESERVATIVO**

1.

Nacín no mes de xaneiro,  
No mes da quiquiricaina,  
Meu pai á perna do medio  
Nunca lle puxo polaina.

2.

Este é o mes de maio,  
O mes da cucurucaina:  
Meu pai á pata do medio  
Nunca lle puxo polaina.

### **SEXUALIDADE EXPLÍCITA**

1.

Baixo do picho da fonte  
Hai unha pedra furada,  
Onde sentaban as nenas  
A rascala condenada.

2.

Meniña que estás na cama  
Entre sábanas de liño;  
Tes unha man na tetiña,  
A outra no paxariño.

3.

Se a cona tivese dentes  
E mordese con firmeza,  
Moitos carallos do mundo  
Habería sen cabeza.

4.

A filla de miña nai  
Non ten pelos na paxara,

De subire ós piñeiros  
E baixar escarranchada!

5.

Disque a cona non ten fondo.

Ai! A cona fondo ten.

Se o carallo é pequeno,

A cona que culpa ten.

6.

Cando te colla no prado

Como te collín máis veces,

Heiche de meter no corpo

Herba para nove meses.

7.

O carallo foi á cona

Pensando que era tallada.

Albergáronlle a cabeza,

Ghomitou pola paxara.

8.

Á miña casa non quero que veñas

Porque me fodes, porque me empreñas.

É que non sabes, é que non podes,

É que percdiches habilidades.

9.

As rapaciñas de Esquipa

Visten todas de encarnado;

Se llo piden na escaleira

Xa non chegan ó sobrado.

10.

Unha vella cos seus mexos

Cen muiños fixo andar;

Vállate xuncras pra vella,

Que ganas tiña de mexar!

11.

San Antón, Santo Antoniño,

Santo que non bebe viño;

Dáme forza no carallo

Coma o porco no fuciño.

12.

Indo prás Illas Cíes

Varei no medio da ría,

Dime ti miña meniña

¿cantos polvos botarías?

13.

Non me fudas no camiño,

Que non son unha cadela,

Bates cos collóns no chan,

Énchesme a cona de merda.

14.

Unha puta dábamo

E outra estábamo dando,

E outra estaba dicindo

¿quen terá maior fandango?

15.

O carallo portugués

Non é coma o castellano;

Eu probeino unha vez,

¡quen mo dera todo o ano!

## **VIRXINDADE**

1.

Eu son o pito cairoso,

Que cantou no teu poleiro,

Pero a desgraza que tive

É que non fun o primeiro.

2.

Os amores que ti tes

Son os que eu olvidei

¡Andas apañando os vagos

da viña que eu vendime!

3.

Laranxa que estás cerrada,  
Déixate estar cerradiña,  
Que mentres esteas cerrada  
De todos es queridiña.

4.

Non quero que a min te volvas,  
Nin que me collas cariño;  
Non quero ser tapa-faltas  
Por aí de calquera pillo.

5.

Se mo diche non mo deras,  
Eu pedir non cho pedín;  
Díchello a quen quixeche,  
Agora ves onda min.

### **OPOSICIÓN HOME/MULLER**

1.

Eu ós homes cando os amo,  
Ámochos de muitos modos;  
Por diante doulle a cara  
E por detrás doulle os cornos.

2.

Coidabas, parvo, coidabas,  
Que por ti eu morrería,  
E eu buscaba a maneira  
De como te plantaría.

3.

Por aquel camiño vai  
Un carriño de alfinetes,  
A mentira é dos homes,  
A verdade das mulleres.

4.

O meu amor esqueceume  
Crendo que eu choraría,  
Marchou un queda outro,  
Quedei na mesma alegría.

5.

Anque son pequena en corpo,  
Son grande en sabedoría,  
A min ninguén me engaiola  
Nin de noite nin de día.

6.

A miña muller é miña,  
Eu son da miña muller;  
Eu fago o que ela manda,  
Ela fai o que ela quer.

7.

Miña comadre Pelonia,  
Non vin muller coma ela;  
Os ósos dállos ao home,  
A carne cómea ela.

8.

A muller que ama a dous  
Non é parva que é entendida;  
Cando unha vela se apaga,  
A outra queda encendida.

9.

Arriba pandeiro roto,  
Abaixo manta mollada;  
Onde estamos as mulleres  
Os homes non valen nada.

10.

As raparigas de Lira  
Son poucas e van a menos,  
Dan a sete nun pataco  
Coma os xirelos pequenos.

11.

Non te fíes das mulleres  
Que son feitas do revés,  
Vítense pola cabeza  
E íspense polos pés.

12.

Revírate bandoleira,  
Díxolle o Sol á Lúa,  
Non é cousa de mulleres  
O andar de noite á tuna.

13.

Gracias a Deus alabado  
Que chegou a barateza;  
Van os homes a real,  
Catro por unha peseta.

14.

Das mociñas de Carnota  
Libéranos dominé;  
Ás que lles gusta o coñá  
Van cos homes ó café.

15.

As rapaciñas de Lira  
Sonvos máis bravas cós toxos;  
Cando van ó Paraíso  
Andan a hostias cos mozos.

16.

Fía, ña meniña, fía,  
Fía e non fíes cartos,  
Nin te fíes non dos homes,  
Que son todos uns lagartos.

17.

Olvidáchesme por pobre,  
Eu a ti por vinculeiro,  
Aínda ti non es o galo



Que canta no meu poleiro.

18.

Ninguén se fie dos homes

Nin de todo o seu afán,

Que teñen o mel na boca

E no peito solimán.

19.

Ándate mozo mocoso,

Nin es mozo nin es nada,

Se volves a vir comigo

Levas coa porta na cara.

20.

Pensas que por seres rico

Xa me tes na túa man;

Moitas sedas ten un porco

E non sae de marrau.

21.

Se a muller me ce ó río

Buscareina cara arriba;

Eu que vivo con ela

Ben entendo a miña vida.

22.

Polo mar abaixo vai

Un barquiño de alfiteres;

As mentiras dos homes

las verdades das mulleres.

## **VIOLENCIA**

1.

Por unha vez que che puxen

A man no teu faldrellín

Fuches á casa do alcalde

Dar unh crella de min.

2.

Á muller e á mula  
Cada día unha tunda;  
E o que así non fixer  
Nin boa mula nin boa muller.

3.

Teño polainas de buxo  
E castañetas de burel,  
Para darlle a meu compadre  
Que lle cascou á muller.

4.

Maruxa, miña Maruxa,  
A do refaixo amarelo,  
Se te encontro no camiño  
Non vale dicir non quero.

5.

Nena do pano marelo,  
Nena do pano marelo,  
Se te encontro no camiño  
Non che ha valer non quero.

## **SOLTEIRÍA/CASAMENTO**

1.

Se queres que sexa túa  
Ladrilla o mar primeiro,  
Despois do mar ladrillado  
Túa serei, se eu quero.

2.

Hei casar contigo, vello,  
Pero ha de ser con condición,  
Que me has de levar ó lombo  
Onde haxa divertición.

3.

Eu quería-me casar,  
Miña nai dime que é cedo;  
Ela como está casada  
Non sabe a falta que eu teño.

4.

Eu caseime por un ano  
Por saber qué vida era;  
O ano vaise acabando,  
Solteiriña quen me dera.

5.

Dixeron que te casabas,  
Eu tamén me casaría  
Se a vida de casada  
Fose a do primeiro día.

6.

Casadiña de tres días,  
Non me canso de chorar,  
Porque a vida de solteira  
É moi mala de olvidar.

7.

Eu caseime e suxeiteime,  
Nuca eu me suxeitara,  
De solteira roupa nova,  
De casada remendada.

8.

Terra pobre, Maruxiña,  
Terra pobre non dá pan;  
É mellor quedar solteira  
Ca casar cun balandrán.

9.

Solteiriña non te cases,  
Mira que che é un descanso  
Dar unha voltiña na cama

Como a troita no río manso.

10.

O día que eu me case  
Queira Dios que non apareza  
Nin o cura nin o sacristán,  
Nin as chaves da igrexa.

11.

Unha vella oíu decir  
Que tocaban a casar;  
Deu un pulo tan grande  
Que era de admirar.

12.

Eu casar ben me casaba,  
Recelar ben me recelo,  
De andarme preguntando  
A como vai o centeo.

13.

Costureira non a quero,  
Se ma dan tiro con ela;  
Cantos golfos hai na calle  
Dormen á noite con ela.

14.

Na ventana sonche dama  
E no balcón son señora,  
E na mesa cortesana  
E no campo labradora.

15.

Maruxa, miña Maruxa,  
Heite facer rabear;  
Nin me hei casar contigo  
Nin te hei de deixar casar.

16.

Non te quero, non te quero,  
Á cara cho vou dicindo;

Non me criaron os meus pais  
Pra que casara contigo.

17.

Debaixo da túa ventana  
Teño un coitelo escondido,  
Para te matar a ti  
Se non casas comigo.

18.

O muiño moe, moe,  
O reducio faino andar,  
Todas as mozas solteiras  
Rabean por se casar.

19.

Solteirina non te cases,  
Non deixes a boa vida,  
Que eu sei dalgunhas casadas  
Que choran arrepentidas.

20.

Heime de casar este ano  
Anque sexa cun ben pobre,  
Que todo o mundo fai burla  
Da muller que non ten home.